

CHAVE DICOTÓMICA PARA A IDENTIFICACIÓN DAS ROCHAS

NÚMERO	CARACTERÍSTICAS	LOCALIZADOR
1	Formada por cristais visibles a simple vista ou con lupa	2
	Formada sen cristais visibles a simple vista, aspecto terroso, ou que mancha as mans ao tocala ou rocha sen cristais	10
2	Cristais de diferente cor e tamaño sen ordenación, mesturados como nun mosaico sen ocos entre eles	3
	Cristais ordenados en bandas de diferente cor e grosor. Rocha con aspecto laminado ou bandeado	13
3	Todos os graos (cristais) teñen un tamaño semellante, están unidos e teñen diferentes cores.	4
	Algúns cristais son máis grandes e están inmersos nunha pasta na que non podemos distinguir cristais a simple vista.	8
4	Cor predominantemente clara	5
	Cor predominantemente escura ou moi escura	7
5	Con cuarzo (Graos gris claros), feldespatos (Graos brancos ou rosas) e mica (negro/branco ou os dous á vez)	GRANITO
	Como a anterior, pero con cristais moi grandes ou moi pequenos. Poden aparecer os minerais citados no caso anterior, pero non teñen que estar necesariamente todos.	32
	Pouco cuarzo ou sen cuarzo	6
6	Cor rosa pola ortosa	SIENITA
	Cor gris escura con graos brancos	DIORITA
7	Cor negra sen cuarzo	GABRO
	Cor verde escura ou negra con graos pequenos	PERIDOTITA
8	Grandes cristais inmersos en cristais nunha masa formada por cristais máis pequenos apenas visibles. Cor clara	PÓRFIDO
	Cristais inmersos nunha masa vítrea ou sen cristais	9
9	Cor escura negra. Ás veces con cristais verdes (olivina) e cavidades	BASALTO
	Cor clara, branca ou rosada con cristais grandes, brancos a modo de salpicaduras.	TRAQUITA
10	Sen cristais (masa vítrea)	11
	Aspecto terroso, manchan as mans e poden conter fósiles.	19
	Rocha de aspecto cristalino aínda que os cristais non sexan visibles. Xeralmente branca ou gris	16
11	Compacta, cor negra, brillo vítreo intenso, fractura concoidea (fractura que presenta unha superficie lisa e de curva suave e bordos cortantes)	OBSIDIANA
	Con cavidades, porosa, moi lixeira	12
12	Cor vermella, parda ou negra. Áspera	LAVA
	Cor clara. Menos densa que a auga. Tacto suave	PUMITA
13	Rocha con aspecto laminado ou bandeado	14
	Cristais sen orientación en bandas	17
14	Cristais visibles a simple vista	15
	Cristais non visibles a simple vista	16
15	Cristais grandes dispostos en bandas claras e escuras, abundan o cuarzo gris e o feldespato branco.	GNEIS
	Cristais pequenos en bandas moi compactas ou moi apertadas. Presenta exfoliación en láminas.	XISTO

16	Cor predominantemente negra. Exfolia con facilidade en láminas.	LOUSA (Pizarra)
	Cor verde grisácea, brillo sedoso e plateado.	FILITA
17	Efervescencia con HCl, aspecto de terrón de azucre, cor clara, posibles liñas de impurezas escuras. Ráíase facilmente cunha navalla	MÁRMORE
	Non produce efervescencia	18
18	Rocha dura, non se raia coa navalla, non se distinguen os cristais, de cor clara.	CUARCITA
	Cristais de cor avermellada visibles sobre gris verdosa	ECLOXITA
19	Non produce efervescencia co HCl	20
	Produce efervescencia co HCl	28
20	Rocha parda ou negra que mancha de negro o papel. Ou rocha moi pouco densa e como formada por restos de terra con herbas	21
	Sen as características anteriores	24
21	Restos vexetais visibles (Raíces, herba. Rocha lixeira de cores pardas ou negro intenso mais moi pouco densa.	21
	Cor negra	22
22	Rompe facilmente. Rocha esponxosa	TURBA
	Aspecto de madeira queimada pardo escura ou negra	LIGNITO
23	Cor negra mate	HULLA
	Cor negra brillante, con fractura concoidea	ANTRACITA
24	Fragmentos maiores de 2 mm (coios) arrodeados de cemento (Conglomerados)	25
	Os fragmentos iguais e menores de 2 mm	26
25	Coios angulosos	BRECHA
	Coios arredondados	PUDINGA
26	Graos pequenos con aspecto de area cementada. Rochas duras de cores cariadas.	ARENITA
	Graos imperceptibles, moi pequenos. Pode desfacerse con facilidade	27
27	Efervescente con HCl. Cores diversas	MARGA
	Non hai efervescencia con HCl. É moldeable con auga e ten cores variadas.	ARXILA
28	Con fósiles e restos de seres vivos (cunchas)	29
	Sen fósiles	30
29	Restos de animais acumulados e cementados	CALCARIAS CONCHÍFERAS
	Depósitos de CaCO_3 sobre restos vexetais. Rocha porosa moi lixeira	TOBA CALCARIA
30	Pequenas esferas (oolitos de menos de 2 mm de CaCO_3 unidas por cemento	CALCARIA OOLÍTICA
	Calizas compactas	31
31	Estrutura bandeada con ocos, de cor amarela clara ou beis.	TRAVERTINO
	Grao moi fino. Fractura concoidea	CALCARIA LITOGRAFICA
32	Cristais moi grandes. Normalmente xunto a cristais do mesmo mineral.	PEGMATITA
	Cristais moi finos, de 1 mm ou menos	APLITO